

# DETRÁS DA CANCIÓN

OBRA DOIRO DE CREACIÓN MUSICAL | CONCERTO ACÚSTICO



## BOCABERTA

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUNTA DE GALICIA



XACOBEO 2010  
Galicia

# DETRÁS DA CANCIÓN

*Como se compón unha canción de pop?  
Como se poden aproveitar as novas tecnoloxías para gravala e compartila co resto do mundo? A estas cuestións responde a actividade 'Detrás da canción', na que integrantes dos grupos galegos Projecto Mourente e The Homens dan a coñecer a trastenda do proceso creativo.*

[www.detrasdacancion.info](http://www.detrasdacancion.info)



XUNTA  
DE GALICIA



## QUE É?

*Detrás da canción é unha actividade destinada a mozos e mozas a partir dos 12 anos. Por unha parte, pretende demostrar que compondor cancións e gravalas é algo doado e que calquera pode facer cunha mínima calidade; e, pola outra, mostrar como o galego é un idioma tan válido coma calquera outro para a expresión musical de masas.*

## A ACTIVIDADE

*Curso de música caseira, con Carlos Valcárcel, Projecto Mourente. As novas tecnoloxías permiten que calquera persoa se converta en produtor musical sen saír da casa. Este curso, que se imparte en dúas sesións de 50 minutos de duración cada unha, permitirá aos asistentes coñecer algunhas das ferramentas básicas para gravar unha peza nun ordenador convencional e posteriormente publicala na internet. As inscricións poden facerse na web [www.detrasdacancion.info](http://www.detrasdacancion.info).*

*Concerto acústico de The Homens e Projecto Mourente.*

*Os integrantes do grupo The Homens farán varias das cancións do seu repertorio, composto integramente en galego. Desde o ano 2004, a banda compostelá editou dous EP e outros tantos LP nos que combinan a melodía pop coa furia do punk e os retrousos cantables.*